

Nome:..... Número:.....

1. O dicionario serve para explicar o significado das palabras. Que outros usos pode ter?

2. Arrodea os prefixos e sufixos destas palabras segundo corresponda.

desinformar	panadeiro	imposible	froitería	rapazolo
refacer	destapar	inconfesable	zapatón	peixeira

3. Forma palabras derivadas engadindo os prefixos in-, des- ou re- e os sufixos -ona e -eira. Escribe unha oración con cada unha das palabras que formaches.

Ler: _____ Xusto: _____
 Cubrir: _____ Froit(a): _____
 Mes(a): _____

4. Identifica os determinantes demostrativos e logo clasifícaos na táboa. Por último, completa a táboa co resto dos demostrativos.

Aquelas nenas son as miñas amigas.
 Ese coche saíu este ano ao mercado.
 Estas zapatillas mercoumas Xosé.
 Esas bicicletas son verdes e aqueles patíns amarelos.
 Aquel rapaz é o tío de María e este de aquí é o seu curmán.

	singular		plural	
	masculino	feminino	masculino	feminino
preto				
nin preto nin lonxe				
lonxe				

Nome:.....

Número:.....

5. Subliña as contraccións dos determinantes demostrativos coas preposicións.

Nese monte hai unha área recreativa.

Neste coche, que é daquel señor, viaxei ata Barcelona.

Neses edificios vive a miña madriña e naquelas casas os meus avós.

Desa casa saía moito fumo.

Naquela ocasión viñeran todos os meus amigos nesas bicicletas vellas.

Deste rapaz faláronme moi ben, é moi simpático.

Estes gatos son daqueles nenos.

6. Escribe o nome destes debuxos e logo fai unha oración con cada un deles.



Nome:..... Número:.....

7. Corrixe os erros do seguinte texto.

Xa había algúns días que a vrétema cuvría a bila da alvufeira. Así que os veciños, cansos de non ver nada, acudiron a Vrais, un vruxo moi coñecido, na busca de axuda. O home vibía nunha povre cabana, acompañado por un vufo vranco. Amavlemente atendeu os veciños.

8. Escribe o teu autorretrato.

9. Le con atención e contesta.

Un bravo pirata
había unha vez
que tiña tres patas,
unha, dúas tres.

Das tres unha soa
remata nun pé
con dedos e todo
como debe ser.

Antón Cortizas
Era unha vez na Quimbamba
Tambre

- Cantos versos ten esta poesía? _____
- Cantas estrofas? _____